***CUARTO**- Dar conta da presente resolución a Tesourería e Intervención Municipal e ó Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que este celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.*

**CANON DE AUGA**

De conformidade co disposto no artigo 49.7. do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon de auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de auga, faise constar que o procedemento para o cobro do canon de auga en período voluntario será unitario co seguido para a recadación dos dereitos que á entidade subministradora correspondan polo servizo de abastecemento de auga. O contribuínte que a falla de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon de auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

**RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo no artigo 102.3. da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, os padróns aprobados expóñense ao público nas oficinas do Concello durante o prazo de un mes, contado a partir da publicación do presente anuncio no BOP que terá carácter e producirá os efectos de notificación colectiva. Durante o referido prazo os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Igualmente poderán formular no prazo de un mes o recurso de reposición regulado no artigo 14.2. do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que deberá ser resolto polo órgano competente no prazo de outro mes contado a partir do día seguinte ao da súa presentación, entendéndose desestimado se transcorrido dito prazo no recaera resolución expresa, cos efectos xurídicos previsto nos artigo 24 e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra a resolución do recurso de reposición non pode interpoñer novamente este recurso, poden os interesados, interpoñer directamente recurso contencioso –administrativo ante o Xulgado do Contencioso –Administrativo de Lugo no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis no suposto de desestimación presunta por silencio administrativo. Non obstante, poderá utilizar e exercitar calquera outra acción legal que estime pertinente na defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico -administrativa ante o órgano económico –administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes desde que se entenda producida a notificación.

**FORMA DE PAGAMENTO**

1. O pago das débedas tributarias realizarase en período voluntario nos prazos que figuran no presente anuncio e nas Entidades colaboradoras na recadación deste Concello, nas horas de atención ao público (Caixa Rural Galega e Abanca). Transcorridos ditos prazos iniciarase o período executivo de cobro, que determinará o de devengo dos recargos de constrinximento e os intereses de demora que procedan.

2. Os contribuíntes que non teñan domiciliado o pagamento, recibirán no seu domicilio, dentro do período de cobro en voluntaria, modelo de liquidación por duplicado exemplar para o seu pagamento en calquera das entidades financeiras citadas, debendo recabar en caso de extravío, duplicado nos servizos económicos do Concello antes do remate do referido período. Un dos exemplares debidamente selado pola Entidade financeira constituirá carta de pago en poder do contribuínte acreditativo da extinción da débeda tributaria.

Anuncio publicado en: Num BOP 51 año 2025 (03/03/2025 08:00:00)

3. Se así o desexa no momento de efectuar o pago, poderá solicitar da Entidade financeira a domiciliación do tributo, sen ningún acto de trámite adicional, quedando a partir dese momento incorporado na base de datos dos padróns sucesivos.

Cospeito, 26 de febreiro de 2025.- O Alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 0543

## O INCIO

*Anuncio*

**APROBACIÓN INICIAL**

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello, en sesión ordinaria de data 28 de febreiro de 2025, o Orzamento Xeral, Bases de Execución e Cadro de persoal para o exercicio económico 2025, con arranxo ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días, a contar dende o seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante dito prazo os interesados podan proceder ó seu exame e formular as reclamacións que consideren pertinentes.

No suposto de non presentarse reclamacións no devandito prazo, o Orzamento para o exercicio 2025 entenderase definitivamente aprobado, de acordo co disposto no artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, e artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O Incio, 28 de febreiro de 2025.- O Alcalde-Presidente, D. Héctor Manuel Corujo González.

R. 0558

## LOURENZÁ

*Anuncio*

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria celebrada o día 13 de novembro de 2024, aprobou provisionalmente o expediente de modificación de "Ordenanza Fiscal reguladora da taxa polo servicio de subministro de auga".

Téndose publicado anuncio de exposición pública por prazo de 30 días no Boletín Oficial da Provincia de Lugo , n.º 264 , de 15 de novembro de 2024, sen que durante o devandito prazo se tivera formulado ningunha reclamación , consonte ó establecido no artigo 17.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais , aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2024, de 5 de marzo, enténdee definitivamente acadado o acordo ata entón provisional.Finalmente, de conformidade co preceptuado nos artigos 17.4 , 18 e 19.1 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2024 , de 5 de marzo, procédee á publicación do texto definitivo , podendo os interesados interpoñer contra o acordo de aprobación definitva recurso contencioso – administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede na Coruña, no prazo de dous meses, que se computarán dende o día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lourenzá, 26 de febreiro de 2025.- A Alcaldesa, Rocío López García.

**- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVICIO DE SUBMINISTRO DA AUGA.**

**ARTÍCULO 1.- CONCEPTO**

En uso de las facultades concedidas por los artículos 133.2 y 142 dela Constitución, y por el artículo 106 de la Ley 7/1985 de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local y de conformidad con lo dispuesto en los artículos 58 en relación con el artículo 20.3 m ) dela Ley 39/88 de 28 de diciembre, Reguladora de las Haciendas Locales, según modificación establecida por el artículo 66 de la Ley 25/1998 de 13 de julio, de modificación del Régimen Legal de las Tasas Estatales y Locales y de Reordenación de las Prestaciones Patrimoniales y de Carácter Público, este Ayuntamiento establece la Tasa por la prestación del servicio o la realización de actividades administrativas de competencia local por el suministro de agua.

**ARTÍCULO 2.- OBLIGADOS AL PAGO.-**

Están obligados al pago de la Tasa regulada en esta Ordenanza quienes se beneficien de los servicios o actividades, prestados o realizados por este Ayuntamiento, a que se refiere el artículo anterior.

Anuncio publicado en: Num BOP 51 año 2025 (03/03/2025 08:00:00)

**ARTÍCULO 3.- CUANTÍA.**

1.- La cuantía de la Tasa regulada en esta Ordenanza será la fijada en la tarifa contenida en el apartado siguiente:

| | |
|---|---|
| **1.- SERVICIO DE ABASTECEMENTO** | |
| **1.1.Tarifas Abonados Domésticos** | |
| - Cuota Fija | 4,692 €/ab.mes |
| -Consumo | |
| - 1º Bloque de 0 A 10M3/abon.mes | 0,463 €/m3 |
| - 2˚ Bloque de 10 a 20 m3/ab mes | 0,514 €/m3 |
| - 3˚ Bloque más de 20 m3/ab mes | 0,635 €/m3 |
| **1.1.Tarifas Abonados No Domésticos** | |
| - Cuota Fija | 5,365 €/ab.mes |
| -Consumo | |
| - 1º Bloque de 0 A 10M3/abon.mes | 0,542 €/m3 |
| - 2˚ Bloque de 10 a 20 m3/ab mes | 0,590 €/m3 |
| - 3˚ Bloque más de 20 m3/ab mes | 0,710 €/m3 |
| **1.2.- Cuota de mantemento de acometidas** | 0,601 €/ab.mes |
| **1.3.- Cuota de mantemento de contadores** | 0,601 €/ab.mes |
| **1.4.- Dereitos de enganche e acometidas á rede** | 436,30 €/ud |
| **1.5.- Alta no servicio dun enganche preexistente** | 64,09 €/ud. |

| | |
|---|---|
| **2.- SERVICIO DE SANEAMENTO** | |
| **2.1.- Tarifas** | |
| **A)Para abonados con servicio de saneamento** | |
| - Cuota Fija | 3,778 €/ab.mes |
| - Por cada m3 consumido en abastecemento | 0,379 €/m3 |
| **B) Para abonados sen servicio de saneamento**… | 7,45 €/ab.mes |
| **2.2.- Cuota de alta no servicio.** | 32,06 €/ud. |
| **2.3.- Cuota tributaria por autorización de acometida á rede de alcantarillado** | |
| - Se ten arqueta | 60,37 €/ud. |
| - Se non ten arqueta | 181,11 €/ud. |
| **3.- XESTION DE COBRO A IMPAGADOS.** | |
| - Cobro ós abonados morosos dos gastos ocasionados polo expediente e pola comunicación dos recibos pendientes de pago | 5,15 €/ud. |

| | |
|---|---|
| **4.- DESPRECINTADO DE CONTADOR** | |
| - Por desprecintado de contador: precintado por baja voluntaria | 23,47 €/ud |

Anuncio publicado en: Num BOP 51 año 2025 (03/03/2025 08:00:00)

| **5.-CONEXIÓN Á REDE DE ABASTECIMENTO E PRECINTADO DE RACORES** | |
|---|---|
| - Por conexión á rede e precintado dos racores de contadores non colocados polo personal do servicio. | 23,47 €/ud |

| **6.-PRECIO POR COMPROBACION DE CONTADOR DO ABONADO CON CONTADOR PATRON** | |
|---|---|
| - A petición do abonado: por comprobación da medición do contador del. | 23,47 €/ud |

| **LISTA DE PREZOS DE ACOMETIDAS E CONTADORES** | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **A.- SERVIZO DE ABASTECEMENTO** | | | | |
| **1.- PREZO DE ACOMETIDAS** | | | | |
| Faise o cálculo en base á acometida normal de 5m. de lonxitude media (1 a 5 m.). | | | | |
| **Materiais** | | | | |
| - Ud. De collarín de toma | | | | |
| - Ud. Enlaces | | | | |
| - Tubaria de P.E.B.D: 1 a 5 m. | | | | |
| - Ud. Chave de paso | | | | |
| - Tapa de fundición de 15 x 25 | | | | |
| **Obra civil** | | | | |
| - Ud de Arqueta para colocación da tapa de 15 x 25 | | | | |
| - 1 a 5 m.l. de (apertura, peche e reposición de pavimento). | | | | |
| - Fanse prezos diferentes dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na zanja. | | | | |
| **0 Acometida** | **Terra (A)** | **Asfalto (B)** | **Baldosa-acera (C)** | |
| **¾”** | 246,56 | 317,01 | 377,56 | |
| **1”** | 267,99 | 338,20 | 397,99 | |
| **1 ¼”-1 ½"** | 322,40 | 393,37 | 453,14 | |
| **2"** | 383,68 | 453,14 | 513,68 | |
| **Incremento no precio da acometida para lonxitudes superiores ós 5 m.** | | | | |
| Acometidas de más de 5 mts. | **¾”** | **1”** | **1 ¼"-1 ½"** | **2"** |
| (A) incremento Euros por m. | 12,00 | 14,08 | 20,08 | 33,72 |
| (B) incremento Euros por m. | 26,47 | 28,54 | 34,58 | 48,12 |
| (C) Incremento Euros por m. | 31,86 | 33,82 | 39,82 | 53,42 |
| **2.- CONTADORES** | | | | |
| **2.1.- Contador de 0 13/15/20 mm. en batería de contadores o similar**<br>- Contador<br>- Válvula antiretorno<br>- Pezas de conexión<br>- De 13/15 mm.<br>- De 20 mm. | <br><br><br><br>99,17 €/ud.<br>128,47 €/ud. | | | |

Anuncio publicado en: Num BOP 51 año 2025 (03/03/2025 08:00:00)

| | |
|---|---|
| **2.2.- Contadores de diámetro superior a 20 mm.**<br>- Farase presuposto para cada caso. | |
| **2.3 Tarifa de Contadores (Sen colocación)** | |
| 0 13 mm. | 71,66 Eur/ud |
| 0 15 mm. | 71,66 Eur/ud |
| 0 20 mm. | 100,96 Eur/ud |
| 0 25 mm. | 164,45 Eur/ud |
| 0 30 mm. | 229,88 Eur/ud |
| 0 40 mm. | 356,48 Eur/ud |
| 0 50 mm. | 778,60 Eur/ud |
| 0 65 mm. | 965,25 Eur/ud |

| | |
|---|---|
| **B.- SERVICIO DE SANEAMENTO** | |
| Unidades de acometida de auga residual formada por arqueta de saída, tubaria de P.V.C. 0 160/200/5 atm., incluída escavación, recheo, demolición e reposición de firme no seu caso, así como conexión a pozo, colector existente con peza estanca específica para unha lonxitude máxima de 4 m e unha profundidade máxima de 2m. | |
| ZANJA EN TIERRA | 454,47 Euros/ud |
| ZANJA EN ASFALTO | 506,09 Euros/ud |
| ZANJA EN ACERA | 574,04 Euros/ud |

| | |
|---|---|
| **NOTA** | **Tódolos prezos veranse incrementados co I.V.A. correspondente.** |

**ARTÍCULO CUARTO.- OBLIGACIÓN AL PAGO.**

1º.- La obligación de pago de la Tasa regulada en esta Ordenanza nace desde que se inicie la prestación del servicio y su facturación y cobro se realizará con periodicidad trimestral.

2º.- El pago de la Tasa se efectuará en el momento de presentación del recibo o factura correspondiente por el obligado a realizarlo.

3º.- Las deudas por esta Tasa podrán exigirse por el procedimiento administrativo de apremio, de acuerdo con lo prevenido en el Reglamento General de Recaudación.

**DISPOSICIÓN FINAL.-**

La presente Ordenanza entrará en vigor una vez publicada en Boletín Oficial de la Provincia, y comenzará a aplicarse a partir del día 1 de enero de 1.999, permaneciendo en vigor hasta su modificación o derogación expresa.

R. 0551

## LUGO

*Anuncio*

Ilmo. Sr. don Ángel Pablo Permuy Villanueva, Tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo.

– A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 4 de maio de 2022 adoptou, entre outros, o acordo 11/252 APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE LUGO, LEI 20/2021 DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

– A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria do 2 de novembro de 2022 adoptou o acordo 10/641 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A EXECUCIÓN DA

Anuncio publicado en: Num BOP 51 año 2025 (03/03/2025 08:00:00)

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2022 DO CONCELLO DE LUGO CORRESPONDENTE A UNHA PRAZA ESTRUTURAL CELADOR CEIP INCURSA NO SUPOSTO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021 POLO SISTEMA DE CONCURSO RESERVADA A DISCAPACIDADE.

– Polo Decreto Nº 10707/2022 do 08/11/2022 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de CELADOR CEIP INCURSA NO SUPOSTO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021 POLO SISTEMA DE CONCURSO RESERVADA A DISCAPACIDADE que se rexerá polas bases específicas aprobadas por acordo 10/641 Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na súa sesión do 02.11.2022

– Dito Decreto foi publicado no BOP da Provincia de Lugo núm. 270 do 25 de novembro de 2022 e extracto do mesmo no «Diario Oficial de Galicia» núm. 236, de 14 de diciembre de 2022. O anuncio para prover a praza obxecto desta convocatoria foi publicado no "Boletín Oficial do Estado" núm. 311, do 28 de decembro de 2022.

– A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 6 de marzo de 2024 adoptou o acordo 3/86 MODIFICACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDADE Á PRAZA DE CELADOR CEIP PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE CONCURSO/LIBRE RESERVADA A DISCAPACIDADE (ARTIGO 2.1 LEI 20/2021 DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL OEP 2022), APROBADAS POR ACORDO 10/641 ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE LUGO O 2 DE NOVEMBRO DE 2022.

– Dito acordo foi publicado no BOP da Provincia de Lugo núm. 086 do 13 de abril de 2024 e extracto do mesmo no «Diario Oficial de Galicia» núm. 99 do 23 de maio de 2024 e no "Boletín Oficial do Estado" núm. 133 do 1 de xuño de 2024.

– A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 9 de outubro de 2024 adoptou o acordo 2/438 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDADE A UNHA PRAZA DE CELADOR CEIP INCURSA NO SUPOSTO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021 POLO SISTEMA DE CONCURSO RESERVADA A DISCAPACIDADE.

– A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 23 de outubro de 2024 adoptou o acordo 10/463 MODIFICACIÓN DO ACORDO 2/438 DE DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDADE A UNHA PRAZA DE CELADOR CEIP INCURSA NO SUPOSTO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021 POLO SISTEMA DE CONCURSO RESERVADA A DISCAPACIDADE, ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O 9 DE OUTUBRO DE 2024.

– Unha vez rematado o proceso selectivo, o Tribunal cualificador en sesión celebrada o 20 de xaneiro de 2025, ACORDA:

"(…)

*SEGUNDO.-Publicar a seguinte relación de aprobados no proceso selectivo que quedan elevadas ao órgano competente aos efectos oportunos e de publicación no BOP de Lugo resultando ser a seguinte:*

| *NOME E APELIDOS* | *DNI* | *PUNTUACIÓN TOTAL* |
|---|---|---|
| *GONZALEZ BLANCO, MARCOS* | ****4862*** | *20,55* |

*As persoas aspirantes disporán dun prazo de 5 días hábiles para presentar alegacións contra as cualificacións finais do proceso selectivo e relación de aprobados, que serán resoltas polo Tribunal. De non presentarse tales alegacións esta proposta será considerada co carácter de definitiva.*

*Contra as resolucións e actos de trámite do tribunal, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Xunta de Goberno Local. O prazo de interposición será dun mes."*

- Con data do 6 de febreiro de 2025 rematou o prazo de presentacións de alegacións contra as cualificacións finais do proceso selectivo e relación de aprobados, sen terse recibido ningún escrito de alegacións, considerándose polo tanto a proposta do Tribunal cualificador con carácter definitivo.

Por todo o anteriormente exposto e en base ás atribucións delegadas por decreto nº 464/2024 do 19/01/2024 ditado pola Excma. Sra. Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo, modificado polo Decreto 4036/2024 do 30/04/24 e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284 de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO**.- Facer pública a seguinte relación do aspirante aprobado no proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de CELADOR CEIP INCURSA NO SUPOSTO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021 POLO SISTEMA DE CONCURSO RESERVADA A DISCAPACIDADE:

Anuncio publicado en: Num BOP 51 año 2025 (03/03/2025 08:00:00)

| NOME E APELIDOS | DNI | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|
| GONZALEZ BLANCO, MARCOS | ***4862** | 20,55 |

**SEGUNDO**.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

– Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

– Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 26 de febreiro de 2025.- O tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, don Ángel Pablo Permuy Villanueva.

R. 0544

## MONTERROSO

*Anuncio*

Por decreto de Alcaldía de data 25/02/2025 aprobáronse as bases para a contratación con carácter laboral temporal de 01 posto de auxiliar enfermería a xornada completa con cargo o programa de reforzo do emprego 2024 da Excma. Deputación de Lugo e Concello de Monterroso como persoal laboral temporal:

– 1 posto de auxiliar enfermería a xornada completa (duración 6 meses).

**Lugar e prazo de presentación das solicitudes**: No rexistro do Concello de Monterroso no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ó dapublicación do estrato das Bases no BOP de Lugo.

Monterroso, 26 de febreiro de 2025.- O Alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 0545

## PALAS DE REI

*Anuncio*

**Expediente nº 198/2025**

**Elección de Xuíz/a de Paz Titular e Substituto/a**

Por vencemento do período do nomeamento e a prórroga concedida, recibida comunicación da Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza, anúnciase a vacante do cargo de Xuíz/a de Paz Titular deste municipio e Xuíz/a de Paz substituto/a.

De conformidade co que dispoñen os artigos 101 e 102 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigo 4 e 5.1 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz, corresponde ao Pleno do Concello realizar esta elección.

Prazo de presentación de solicitudes:

Durante 10 días a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

As solicitudes presentaranse no Rexistro de entrada deste Concello, de modo presencial ou mediante comparecencia na sede electrónica, ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O modelo de instancia atópase a disposición dos interesados nas dependencias municipais da Corporación e na sede electrónica do Concello de Palas de Rei, como Anexo a este anuncio.

O expediente pode ser examinado na Secretaría do concello e solicitar a información que se precise en canto a requisitos e condicións do cargo.

Anuncio publicado en: Num BOP 51 año 2025 (03/03/2025 08:00:00)

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello:

https://palasderei.sedelectronica.es

En caso de non presentarse solicitudes, o Pleno da Corporación elixirá libremente, de acordo co previsto no artigo 101.1 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e o artigo 4 e 6 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz, comunicando o Acordo ao Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción Nº 1 de Chantada.

O que se publica para xeral coñecemento.

Palas de Rei, 26 de febreiro de 2025.- O Alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 0546

## O PÁRAMO

*Anuncio*

**APROBACIÓN INICIAL**

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria de Pleno deste Concello, de data 25 de Febreiro de 2025 o Orzamento Xeral, Bases de Execución, e a plantilla de persoal funcionario e laboral para o exercicio económico 2025, con arranxo ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamacións e alegacións.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

De conformidade co acordo adoptado o Orzamento considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non presenten reclamacións.

O Páramo, 27 de febreiro de 2025.- O 1 º Tenente de Alcalde, Benjamín García Toirán.

R. 0552

## RIOTORTO

*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión extraordinaria celebrada o día 18 de febreiro de 2025, acordou aprobar os proxectos técnicos “Mellora dos accesos a Mundín, Veigalonga, Ferraría e Vilaseca”, “ Mellora de acceso entre O Freire e Órrea”, “Mellora de accesos en Soutelo e Vilar de Santiago”, Proxecto de ensanchamento e mellora da seguridade e do entorno en dous pontes de vías municipais en Riotorto”, “Mellora do camiño Vilaseca- A Azoreira”, “ Pavimentación de vías municipais e espacios públicos”, “Cubrición do campo de bolos celta en la pq de santa marta de Meilan, Riotorto”,

Así mesmo, acordouse expoñer ao público os citados proxectos e memorias valoradas polo prazo de vinte días hábiles, a contar dende o seguinte ao da inserción deste edicto no B.O.P. e no taboleiro de anuncios deste Concello.

De non se producir reclamacións durante a exposición pública, a aprobación inicial entenderase elevada a definitiva.

Riotorto, 25 de febreiro de 2025.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 0547

## SARRIA

*Anuncio*

**NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO**

**PADRÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

Anuncio publicado en: Num BOP 51 año 2025 (03/03/2025 08:00:00)

**EDICTO**

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación do prezo público correspondentes ó servicio de axuda no fogar do **MES DE XANEIRO DE 2025**.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias de servicios sociais do Concello de Sarria, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquer outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

***ANUNCIO DE COBRANZA***

De conformidade co establecido no art º 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación , aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo e artº 6 da ordenanza fiscal municipal comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

Nos primeiros vinte días do mes seguinte á prestacion do SAF, na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto.

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Sarria, 26 de febreiro de 2025.- O Alcalde-Presidente, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 0548

# ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

## TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA

*Anuncio*

O Tribunal Superior de Xustiza, anuncia a convocatoria pública para cubrir a praza de xuíz ou xuíza de paz SUBSTITUTO/A de FOZ (Lugo).

I.- Os aspirantes poderán presentar as súas **solicitudes no prazo de 15 días hábiles**, contadas dende a publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, acompañadas da seguinte documentación:

**DOCUMENTACIÓN NECESARIA:**

II.- - **Certificado de nacemento ou fotocopia do D.N.I.**

III.- **Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes.** O solicitante autoriza ao Tribunal, consonte ao artigo 28 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Admóns. Públicas, para a súa consulta, agás que sinale a súa negativa,

| | |
|---|---|
| **SI** | **AUTORIZO Á SECRETARÍA DE GOBERNO DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA** para que, acceda aos datos relativos a miña persoa que consten no Rexistro Central de Penados, a través da “ Plataforma de Intermediación de Datos del Ministerio de Hacienda y Función Pública”. |
| **NON** | |

IV.- **Declaración complementaria** á que se refire o artigo 2.1 da Lei 68/1980**, relativa a non estar inculpado nin procesado**.

V.- - **Xustificación de méritos** que se aleguen.

VI. -**Profesión actual.**

**PRESENTACIÓN SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN:**

I.- Remisión ao correo electrónico secretariagoberno.tsxg@xustiza.gal,

II.- En calquera das formas sinaladas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común.

A Coruña, 25 de febreiro de 2025.- O Secretario de Goberno, Juan José Martín Álvarez.

R. 0549

Anuncio publicado en: Num BOP 51 año 2025 (03/03/2025 08:00:00)